



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: DELEGACIÓN DAS PRESIDENCIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

FEITOS

1 O 15.06.2019 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene que xurdiu das eleccións municipais do 26.05.2019.

2 O 7 de febreiro de 2020 trala aprobación dunha moción de censura, tomei posesión do cargo de alcalde do Concello de Fene.

3 Por Resolución da alcaldía 118/2020 do 11 de febreiro acordouse revogar as delegacións xenéricas e especiais feitas por Resolución da alcaldía 687/2019 do 2 de xullo.

4 O novo goberno municipal considerou necesario levar a cabo unha pequena reestruturación das áreas de goberno, ditándose a Resolución da alcaldía 122/2020 do 14 de febreiro de modificación das áreas de goberno.

5 Por Resolución da alcaldía 145/2020 do 20 de febreiro delegáronse ás áreas de goberno reestruturadas.

6 Por acordo plenario do 11.07.2019 aprobouse a creación, composición e periodicidade das Comisións informativas permanentes adoptándose o seguinte acordo:

“1º Crear catro Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

I Comisión informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio

II Comisión informativa de Organización e Seguridade

III Comisión informativa de Dinamización Social e Transparencia

IV Comisión informativa de Dinamización Económica”

7 Por acordo plenario do 19.02.2020 acordouse unha modificación do réxime xurídico das Comisións informativas permanentes creadas para esta lexislatura, acordándose “1º Modificar a denominación da Comisión Informativa permanente de Organización e Seguridade creada mediante acordo do Pleno do 11.07.2019 que pasará a denominarse Comisión Informativa de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación Veciñal.”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985) e o artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05.08.1997) establecen as competencias do alcalde que poden ser obxecto de delegación.

O artigo 47 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Fene sinala que: “O alcalde ou alcaldesa-presidente/a do Concello de Fene é o presidente/a nato de todas as Comisións Informativas que funcionen neste Concello, sen prexuízo de que poida delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación.”

Logo de ver todo canto antecede, RESOLVO:

1. Delegarlles a presidencia efectiva das seguintes Comisións Informativas Permanentes do Concello de Fene ás seguintes tenentes de alcalde:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

0-0
09E
150
P
F
C1



- Á concelleira M^a Mar Piñeiro Otero, a presidencia da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio.

-Á concelleira Ana Basoa Rioboo, a presidencia da Comisión Informativa de Dinamización Económica.

- Á concelleira Alejandra Meizoso Permuy, a presidencia da Comisión Informativa de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación Veciñal

- Á concelleira M^a Carmen Martínez Rodríguez, a presidencia da Comisión Informativa de Dinaminación Social e Transparencia.

2. Estas delegacións fanse sen prexuízo de que a Alcaldía poida avocar, en calquera momento, a dita presidencia e de que poida exercer a presidencia no caso da ausencia da presidenta delegada.

3. Notificarlle esta resolución aos interesados, indicándolles que, segundo o artigo 114 ROF, esta delegación entenderase aceptada tacitamente se no termo de 3 días hábiles a contar dende a notificación deste acordo non fan manifestación expresa ante o órgano delegante (o alcalde) de que non acepta a devandita delegación.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

Con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes dende que reciba a notificación, ante mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Directamente ante vía xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da data de notificación se fose expreso; se fose presunto, o prazo será de seis meses a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Sen prexuízo de que o interesado, poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Este recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Ferrol, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

4. Darlle conta ao Pleno desta Resolución na primeira sesión que se realice.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

0-G
069
150
P
F:
C.I

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).